

DISO NON SE FALA: A CRÍTICA LESBIANA EN GALICIA

BEATRIZ SUÁREZ BRIONES

Universidade de Vigo

O século XX pasou xa á historia como o século das mulleres. A institución universitaria no Estado español, porén, mantívose relativamente á marxe da revolución feminista, cando non suspicaz e mesmo refractaria. O escenario, na última década, comeza a ser distinto. Unha bibliografía que non para de medrar nas lingua do Estado español, cursos sobre literatura e feminismo, incluso asignaturas optativas ou de libre elección, cursos de doutoramento e cursos de posgrao, perfilan un panorama de opcións ata fai só dez anos impensable para unha estudante dunha Facultade de Filoloxía.

A quien isto escribe, o mesmo que, en termos xerais, a tódalas académicas que investigamos en feminismo, anos de militancia feminista fixéronos moi sensibles ás políticas identitarias e da representación. O suficientemente sensibles como para saber que:

- 1 O patriarcado é un sistema que *produce* suxeitos con xénero. É dicir, que *xe(ne)ra* a diferencia sexual; produce dous tipos de suxeitos: homes e mulleres, distintos e supostamente complementarios é, polo tanto, naturalmente heterosexuais; xénero e sexo desvélanse así produtos da cultura, non un *a priori* á cultura, sobre un eixo de asimetrías en dereitos, posibilidades, liberdades... Indefectiblemente as mulleres somos as grandes perdedoras desas tecnoloxías culturais que son xénero e sexo.
- 2 Para o feminismo é imprescindible o desenvolvemento dunha linguaxe que represente adecuadamente ás mulleres para fomentar a súa —a nosa— visibilidade política. Esta linguaxe estala ao crear a teoría feminista.
- 3 Dende os anos 1980 do século XX a noción de suxeito entrou en crise e está a ser desconstruída. Hai xa un copioso material que cuestiona

a adecuación do «suxeito» para ser o candidato fundamental á representación: porque a representación só se estende ó que pode recoñecerse como suxeito (sabemos de sobras que o que non se representa non existe), deben cumplirse os requisitos para seren suxeito *antes* de poder ser representado como suxeito; polo tanto, todas aquelas persoas ou colectivos humanos que, por habitar nalgúnha marxe, difícilmente poden alcanzar o estatuto de suxeitos quedan sen capacidade de representación; a súa experiencia, a súa existencia son invisibles, ausencia: (non) significan nada. Invisibles, inaudibles, ausencia, nada: atributos consuetudinarios das mulleres e do femino nas culturas patriarcais (...¿acaso existen outras?.., interesantísimo debate este no seo dos feminismos separatistas que, aínda que apaixonante, debe quedar fóra do debate nesta ocasión).

- 4 Igual de problemático que o concepto ortodoxo de representación é outra ficción fundacional do feminismo, a da categoría «muller»; en lugar dun significante estable que concita a aprobación daquelas a quien pretende describir e representar, «muller» tense convertido nun significante con significado problemático: se unha é muller, dende logo muller non é todo o que unha é; o concepto «muller» non logra ser exhaustivo, porque o xénero interactúa permanentemente con outras modalidades de identidades socialmente construídas (raciais, de clase, sexuais, de nacionalidade, étnicas, de idade, de cultura, etc.); así, resulta imposible desligar o xénero das formas políticas e culturais nas que invariablemente se produce e pervive. A insistencia prematura nun suxeito estable do feminismo —comprendido na categoría inconsútil de «muller»— opera, a pesar dos seus propósitos universalistas (ou precisamente por eso), creando zonas de exclusión que, pola súa mera existencia, revelan os efectos coercitivos e regulamentadores da construcción «muller»; e isto a pesar de que, insisto, «muller» fose o ícono das políticas identitarias da segunda vaga do movemento feminista e se puxese ó servicio de obxectivos emancipadores.
- 5 Xénero e sexo son dúas das máis grandes encrucilladas da identidade e, por eso, os dous grandes espacios da especulación teórica e das políticas de igualdade nos que se move a investigación feminista; e non só a investigación feminista, tamén son conceptos chave para os estudos lesbianos e gais e a teoría queer.

Ademais destes cinco principios de carácter fundante, a investigación feminista e lesbiana parte da base de que a sexualidade humana é unha construcción social na que interseccionan as estruturas sociais, políticas e

económicas do mundo material. A sexualidade non é un feito «natural»; afnada que se basea materialmente no corpo, este non determina a configuración ou o significado da sexualidade de forma directa e unívoca. Dende Freud, este é un dato que está fóra de cuestión. Que a sexualidade non é natural queda ademais demostrado na diversidade e disparidade de formas e prácticas da sexualidade entre as diversas culturas e ó longo da historia. A antropóloga social Pat Caplan sinala que «o que é sexual nun contexto pode no selo noutro: unha experiencia tórnase sexual ó aplicarlle significados socialmente aprendidos» (1987: 22); e as historiadoras feministas Stevi Jackson e Sue Scott insisten: «O que consideramos sexual depende do significado que asignamos a certos actos específicos tanto no contexto interpersoal inmediato como no contexto cultural máis amplo» (1996: 58). Os saber «científico» (e o «popular») que defende que os usos sexuais dominantes son o resultado da bioloxía e, polo tanto, intrínsecos, eternos e inmutables é expresión da ideoloxía patriarcal que aponta as relacións de poder dominantes, entre homes e mulleres, entre colectivos sexuais maioritarios e minoritarios. Identidades profundamente sentidas, como a feminina ou a masculina ou a hetero e a homosexual non son «privadas» (individuais) nin producto da bioloxía, senón que se crean no espazo dinámico de encontro e tensión de forzas culturais diversas e que varían co paso do tempo. Proceso este, por certo, que vive calquera outra identidade. O concepto mesmo de identidade é intrinsecamente transaccional, contextual, continxente...; en fin, como todo o humano, histórico, polo que debe ser baleirado dos seus impulsos ontolóxicos.

A cultura dominante e o seu sistema de símbolos reflicten os acordos ideolóxicos e materiais desa sociedade. Os postulados culturais dos grupos hexemónicos reciben unha consideración privilexiada e os grupos minorizados vense relegados a distintos graos de invisibilidade cultural. Como a palabra impresa é patrimonio do grupo dominante e se usa para reforzar a propia visibilidade cultural (e, ó mesmo tempo, a invisibilidade cultural dos grupos silenciados), as voces dos grupos dominados atópanse relativamente ausentes dos discursos dominantes (obviamente, tamén da Historia e das historias). Pero estes grupos non permaneceron en silencio; ó contrario, crearon (creamos) sistemas simbólicos e culturais que permiten vislumbrar unha sensibilidade e unha conciencia distintas, que se expresan a través dunha variedade de formas culturais.

Dito isto coa intención de facer transparente a trama ideolóxica dende a que se concibe este ensaio, direi tamén que o que pretendo ofrecer a continuación é unha panorámica superficial¹ pero resistente (para resistir á negación, á ausencia, á invisibilización) diso do que non se fala na Galiza: a crítica lesbiana. Porque mentres non se fale non existirá (pese a que *habela, haina*).

¹ Unha *polaroid*, como diría a miña querida amiga Helena González.

Unha nova xeración de críticas feministas chegamos á maioría de idade nos anos 1980 e 1990. Algunhas eran, éramos, lesbianas. Algunhas vivían (viven) no armario; outras saíramos do armario grazas ó movemento de liberación feminista ou ben ó movemento de liberación lésbico. Algunhas de nós tecemos xuntos os fíos das nosas experiencias como académicas, como feministas e como lesbianas para non vivir unha vida esquizoide onde o público e o privado fosen esferas separadas, unha á luz, outra na sombra, unha recoñecida, outra agochada como un segredo suxo. Seguimos aquela vella máxima do primeiro feminismo dos anos 1960 de que *o persoal é político*. O persoal é político. O académico é político. Partindo de cero e con cautela (porque escribir sobre sexualidade lesbiana —e áinda peor, sobre *escritoras lesbianas*— é territorio minado polo tabú e o prexuízo), pasenxo comezamos a establecer redes e grupos de debate, que nos permitían expandir as limitacións da investigación literaria oficial ó apuntar cara a un innominable: a presencia lesbiana. Porque na Galiza dáse un fenómeno paradoxal á vez que tráxico —áinda que moitas veces penso que traxicómico, co *ethos* épico da traxedia notablemente rebaixado polo ridículo traxicómico—: existen textos lesbianos pero non existe nin unha soa escritora *abertamente* lesbiana.

O noso traballo como investigadoras lesbianas vai en paralelo ó noso traballo de críticas feministas: somos plenamente conscientes —a nosa experiencia cotiá non nos permite esquecelo— de que, como mulleres feministas nunha academia dominada polos homes, exploramos as formas en que escribimos e lemos dende unha perspectiva «outra», resistente ó sexismoxo e politicamente comprometida coa vindicación da experiencia feminina. Como lesbianas nunha academia heterosexista, exploramos dimensións habitualmente ignoradas da subxectividade e a experiencia femininas e, porén, imprescindibles para comprender enteiramente a condición feminina e o traballo creativo que dela nace. A verdade é que áinda me sorprende —e a miúdo me irrita— ese reproche, a maior parte das veces silenciado por corrección política, que percibo na actitude de persoas do meu ámbito de traballo; ese «*por qué furgar nun asunto tan delicado*»²; un reproche que, ás veces, se formula baixo a apariencia inocente da obxección «*pero qué importancia terá que unha escritora sexa lesbiana*». Asombroso: acaso a sexualidade, o desexo, o amor non importan? De que materiais se alimenta a literatura e a vida mesma senón de sentimento(s) e de fantasía(s)? Acaso o desexo pola palabra non é desexo —tan sexual como o desexo por un corpo—? Acaso todo desexo non bebe da mesma fonte?

E, como me gustan as preguntas case más cás respuestas, velaquí algunas que espero induzan á reflexión e para as que non teño áinda respotas: ten a preferencia afectiva e sexual dunha muller influencia na súa forma de escribir, ler e pensar e estar no mundo? E, se isto é así —e isto é, evidentemente, *así*—,

² Véxase ó respecto a reflexión da crítica feminista negra Barbara Smith.

hai unha estética lesbiana distinta da estética feminina? Pódese establecer un «canon» lesbiano do mesmo modo que as críticas feministas estableceron un canon feminino? Poderá a crítica lesbiana desenvolver percepcións sobre o funcionamento da creatividade feminina que enriquezan a toda a crítica feminista? Cada crítica lesbiana preguntada contestará de modo diferente a estas preguntas; agora ben, existe una serie de asuncións que todas compartimos e que son o motor da crítica lesbiana: que a identidade dunha muller non queda só definida pola súa relación co mundo masculino (síntoo, Edipo) e a tradición literaria masculina (síntoo, Historia Universal da Literatura); que as relacóns entre mulleres (noivas, amantes, nais, amigas...) son cruciais nas vidas das mulleres e que a orientación sexual afecta profundamente á experien- cia, á subxectividade, á consciencia e a creatividade dos seres humanos.

Unha das limitacións más serias da investigación académica é o sexismo. Por ende, tamén o heterosexismo. O sexismo é o entramado ideolóxico do xénero, causa e efecto á vez do privilexio masculino e da deslexitimación e inferiorización das mulleres. O heterosexismo é o conxunto de valores e estructuras mentais e ideolóxicas que se impoñen para facernos asumir que a heterosexualidade é a única forma de expresión emocional e sexual³. O heterosexismo é pensamento heterocentrado, heteronesgado. O heterosexismo é asumir de forma «natural» —é dicir, non problemática— que a experiencia sexual, desexos, gustos, praceres, relacións, usos e costumes heterosexuais son únicos, inmanentes, innatos. As asuncións heterosexistas están presentes en todas partes, incluso nos discursos e as prácticas feministas, supuestamente alertas á discriminación das mulleres. Ás veces son groseiramente obvias, porque dan voz á homofobia; outras veces o heterosexismo é sutil e pasa desapercibido. Este heterosexismo prodúcese, por exemplo, en antoloxías literarias feministas que pretenden non ter prexuízos acerca do lesbianismo; aparecen cando o apuntamento biográfico sobre unha autora fai fincapé na presenza de maridos, mentores masculinos ou compañeiros sentimentais,

³ Dúas pensadoras feministas lesbianas explican deste modo a importancia do heterosexismo e o seu papel na configuración (psíquica e física) da realidade. A primeira é Janice Raymond, que fala de «hetero-realidade», «a visión do mundo na que a muller existe sempre en relación ó home» (1986: 3). A hetero-realidade «describe a situación creada polas hetero-relacións [que] expresan a ampla gama de relacións afectivas, sociais, políticas e económicas entre homes e mulleres decretadas polos homes» (Raymond, 1986: 7). A segunda, Sarah Hoagland, insiste no desvelamento da heteroideoloxía patriarcal ó definir o «heterosexualismo» como «o dominio e descapacitación exercidos polos homes sobre as mulleres en calquera das formas que van do ataque frontal ó coidado paternalista; é a devaluación polas mulleres dos vínculos afectivos e emocionais entre mulleres, e o continuado conflicto das mulleres entre responsabilidade e autonomía do que se deriva a valoración duna ética da dependencia (...) Heterosexualismo é unha particular relación económica, política e emocional entre homes e mulleres: os homes deben dominar ás mulleres e as mulleres débense subordinar ós homes de moi diversas maneiras» (1989: 29). A traducción das citas é sempre miña.

incluso nos casos de autoras principalmente xinoidentificadas, pero se resiste a mencionar ás compañeiras sentimentais no caso das escritoras lesbianas (por discreción, *naturalmente*). O heterosexismo prodúcese cando unha antoloxía ignora a autoras lesbianas ou inclúe só a parte heterosexual ou non sexual da súa obra (incluso no caso de autoras famosas, sobre todo, pola súa poesía lesbiana). O heterosexismo prodúcese cando unha antoloxía organizada por temas inclúe, por exemplo, seccións adicadas ás esposas, ás nais, ós obxectos de desexo, ás mulleres novas, ás mulleres maduras..., pero ningunha ás lesbianas. O heterosexismo prodúcese cando se escribe a historia do feminismo pero se silencia a contribución lesbiana. A ausencia de materiais lesbianos en revistas de estudos das mulleres, xa sexa por omisión ou intencionadamente é un síntoma de heterosexismo. O heterosexismo contribúe a obliterar a existencia lesbiana e a manter e difundir o prexuízo de que as mulleres *son causa de homes*, como o brandy. As anteolleiras do heterosexismo son tamén evidentes na maior parte dos textos de crítica feminista. Invito a sinalar unha colección de ensaios sobre escritoras neste país que inclúa un só texto, aínda que sexa como mostra, dende unha perspectiva lesbiana. E o mesmo vale para congresos, cursos, seminarios, ciclos de conferencias... Onde están as lesbianas nos congresos, cursos, seminarios (etc.) feministas? Tal vez estean agochadas entre o público, porque nas tribunas nunca están. Onde están as escritoras lesbianas do noso país? Tal vez están todas en Lesbos? Tal vez o armario das escritoras lesbianas sexa Lesbos.

Desenmascarar as crenzas e prexuízos heterosexistas é, para a crítica lesbiana, un labor importante, aínda que non o principal. Preocupa máis o desenvolvemento dunha perspectiva lesbiana crítica, ou determinar se tal perspectiva é posible. As preguntas ontolóxicas son centrais: ¿que fai dun texto «un texto lesbiano», ou dunha escritora unha «escritora lesbiana»? Aínda que resulte estranxo, para poder contestar esas preguntas debemos antes determinar qué significa «lesbiana». E esta non é unha cuestión menor: unha definición excluínte⁴ ou restrinxida ó sexual fai totalmente imposible a historiografía lesbiana (porque, como obter probas da preferencia sexual da maioría das escritoras do pasado e mesmo do presente?); ademais, pensar que o lesbianismo é únicamente unha experiencia sexual ou que non ten efectos máis aló do sexual é problemático. Por último, identificar escritura e escritora, literatura e vida, arte e realidade é una estratexia como mínimo *naïf* para a crítica literaria. Presupor que tras un texto lésbico hai unha escritora lesbiana ou que unha escritora lesbiana produce naturalmente escritura lesbiana é simplemente

⁴ Unha boa mostra deste tipo de definición dala Catherine Stimpson cando afirma: «A miña definición da lesbiana —xa sexa escritora, ou personaxe ou lectora— será severamente restrictiva e literal: lesbiana é a muller que atopa a outras mulleres eróticamente atractivas e gratificantes» (1992: 244).

absurdo (este mesmo absurdo prodúcese cando se define a «escrita feminina» como a escrita producida por unha muller, como se ser muller implicase naturalmente escribir en feminino). En arte, «lesbiano», exactamente igual que «feminino», é un modo, unha estratexia, unha forma, unha linguaxe. Agora ben: cal?

A pregunta ontolóxica (que/quen é a lesbiana?) ten tamén unha resposta incluínte, que tivo en Adrienne Rich unha voceira especialmente ben articulada. Rich ofreceu unha definición do lesbianismo que resultaría tremendo influínte para o feminismos lesbiano dos anos 1970. O seu famoso «continuum lesbiano»: «Co termo ‘continuum lesbiano’ quero incluir —a través da vida de cada muller e ó longo da historia— unha gama de experiencias xinocéntricas, e non simplemente o feito de que unha muller tivera ou desexara conscientemente ter experiencias sexuais con outra muller» (Rich, 1979: 32). Ben é certo que a definición richeana foi rexeitada máis tarde por inoperativa, ó facer colapsar as fronteiras entre mulleres xinocéntricas e mulleres lesbianas, entre textos xinocentados e textos lesbianos e por minusvalorar ou minimizar a compoñente sexual da experiencia lesbiana. Un problema similar plantéxase cando algunas teóricas lesbianas redefinen o lesbianismo en termos políticos, identificándoo coa independencia dos homes e a resistencia ó patriarcado. O colapso aquí é das fronteiras entre feminismo e lesbianismo.

Cabe unha terceira posibilidade, que implica á lectura como modo de dar sentido: se un texto permite unha lectura lesbiana, entón é un texto lesbiano. A definición que unha crítica lesbiana use de «lesbianismo» e «lesbiana» influirá nos textos que identifica como lesbianos e é posible que varias críticas estean en desacordo con esa elección de textos, exceptuando o crecente corpus de textos escritos dende unha perspectiva lesbiana explícita. A crítica debe decidir se un texto lesbiano é o texto escrito por unha lesbiana (e, de ser así, cómo determinamos quén é lesbiana), un que fale de lesbianas (e que pode estar escrito por unha escritora ou un escritor heterosexual), ou un que exprese unha «cosmovisión» lesbiana (que dista moito de estar definida satisfactoriamente).

A falta crónica de materiais e a obliteración e a heterosexualización dos que existen (como se heterosexualiza ás escritoras) fan aínda más difíciles os problemas de definición. Unha das cuestiós que debe enfrentar a crítica lesbiana é que as escritoras, forzadas por unha sociedade misóxina e homofóbica, adoptasen unha linguaxe escura e codificada, cifrasen a experiencia lesbiana nunha linguaxe privada ou elíptica e, sobre todo, se autocensurasen. Hai máis dun século dende que Emily Dickinson aconsellou «diciar a verdade / pero nesgada». A crítica lesbiana a penas está empezando a vislumbrar o prezo pagado por cada verdade nesgada. A ausencia é o prezo. Un prezo incalculable: as sucesivas xeracións de lesbianas (escritoras ou non) obrigadas a empezar de cero, sen imaxes, sen palabras, sen tradición, sen referentes que as empoderaran. Hai só vinte anos Adrienne Rich alertaba de que «unha vida no armario [pode]

contaxiar toda a vida privada, co que a mentira (que se fai pasar por *discreción*) transfórmase nunha forma fácil de evitar os conflictos e complicacións» (Rich, 1979: 113). A crítica feminista ten documentado xa abondo a amplitude e importancia da tradición literaria feminina, pero a escritora lesbiana tivo (ten?) que desenvolver a súa arte a soas. Onde están, quen son as escritoras lesbianas en Galicia? Permítaseme que eu tamén me autocensure e me obrigue a «non dicir nomes». Facendo unha broma un tanto grossa, o forno aínda non está para bollos.

Sen dúbida facer crítica lesbiana aínda implica mergullarse nos baleiros, nos espazos entre liñas, no non dito ou a penas suixerido. É unha aventura crítica perigosa da que os resultados poden violentar as normas aceptadas da crítica tradicional, pero que seguro tamén poden transformar as nosas ideas acerca das mulleres, das experiencias femininas e do potencial da literatura para crear outro mundo posible.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- CAPLAN, Pat. *The Cultural Construction of Sexuality*. New York & London: Routledge, 1987.
- DICKINSON, Emily. *60 poemas*. Madrid: Mondadori, 1998 (traductora: Silvina Ocampo)
- GIMENO, Beatriz. *Historia y análisis político del lesbianismo. La liberación de una generación*. BARcelona: Gedisa, 2005
- GREENE, Gayle y Kahn, Coppélia (eds) (1985). *Making a Difference: Feminist Literary Criticism*, London & New York, Routledge, 1991.
- GRUPO DE TRABAJO QUEER. *El eje del mal es heterosexual. Figuraciones, movimientos y prácticas feministas queer*. Madrid: Traficantes de sueños, 2005
- HOAGLAND, Sarah Lucia (1988). *Lesbian Ethics*. Palo Alto, California: Institute of Lesbian Studies, 1989.
- JACKSON, Stevi e Sue Scott (eds). *Feminism and Sexuality. A Reader*. New York: Columbia University Press, 1996.
- JAY, Karla y GLASGOW, Joanne (eds). *Lesbian Texts and Contexts. Radical Revisions*. London: Onlywomen Press, 1992.
- RAYMOND, Janice G. *A Passion for Friends: Toward a Philosophy of Female Affection*. Boston: Beacon Press, 1986
- RICH, Adrienne (1979). *On Lies, Secrets and Silence. Selected Prose 1996-1978*, London, Virago, 1984.
- SMITH, Barbara. «Homofobia, ¿por qué hablar de ello?», en *Grupo de trabajo queer*, 61-66
- STIMPSON, Catharine R. (1992) «Afterword: Lesbian Studies in the 1990s», en Jay y Glasgow (eds), 377-383.
- ZIMMERMANN, Bonnie (1981). «What has never been: an overview of lesbian feminist criticism», en Greene e Kahn (eds.), 177-210.